

Servizos da biblioteca

Consulta en sala:

- ☺ Podes acceder libremente ás librarías para escoller o libro, dicionario, enciclopedia, atlas, etc. que queiras consultar.
- ☺ Cando remates déixao enriba da mesa do profesor.
- ☺ Se consultaches unha revista, colócaa de novo no expositor cando remates.
- ☺ Podes consultar os xornais na zona de prensa. Logo déixaos **ordenados** na mesiña de prensa.

Préstamos:



- ☺ Podes levar libros en préstamo para casa ata un máximo de 3 simultaneamente.
- ☺ Os dicionarios, enciclopedias, etc, así como as revistas non se prestan. Os libros que non se prestan téñeno indicado na parte interior da cuberta.
- ☺ Os préstamos fanse unicamente durante o horario establecido, que figura na mesa do profesor de garda.
- ☺ O profesor é quen cumprimenta o préstamo.
- ☺ Na parte interior da cuberta hai unha ficha na que se indica a data máxima de devolución.
- ☺ O prazo de préstamo é 2 semanas como norma xeral.
- ☺ Podes prorrogar o préstamo a menos que o libro estea solicitado por outro lector.
- ☺ Se incumpres os prazos de entrega perderás o dereito a levar materiais en préstamo durante algún tempo.
- ☺ O deterioro ou perda dos materiais suporá a súa reposición ou abono en metálico.
- ☺

Medios informáticos

- ☺ Para usar un ordenador vai primeiro á mesa do profesor de garda para que se che asigne un, e anota os teus datos no libro de rexistro correspondente.
- ☺ Tódolos ordenadores teñen (agás avaría) acceso á impresora. Se tes que imprimir algún documento, solicítalo primeiro ao profesor de garda.
- ☺ Para escanear algún documento debes usar o ordenador que ten o escáner conectado.
- ☺ Debes respectar a legalidade en materia de propiedade intelectual.
- ☺ Ten presente que cando te conectes a internet, ti serás @ únic@ responsable da información á que poidas acceder (ou ben os teus pais ou titores legais, se es menor de idade).
- ☺ Non podes modificar a configuración dos equipos, **incluído o fondo de escritorio.**
- ☺ Se precisas algunha aplicación concreta, fáinolo saber.
- ☺ Ten en conta que os ordenadores están conxelados, polo que é importante que gardes os teus documentos nunha memoria USB ou os subas á túa conta en internet (Drive ou similar).
- ☺ Temos en servicio unha rede inarámica (WiFi) de acceso libre, pero protexida por contrasinal. Para usala, solicita a clave ao profesor de garda.



Como localizar un libro

Os libros na biblioteca están ordenados por materias seguindo a chamada *Clasificación Decimal Universal (CDU)* que lle asigna a cada tema un número. Chámase decimal porque tódalas materias divídense en 10 categorías, numeradas do 0 ó 9:



Cada unha destas categorías divídese noutras 10 máis concretas e cada unha destas noutras 10, etc. Canto máis concreto sexa o tema, máis números ten a CDU.

Cada libro leva no lombo unha etiqueta na parte inferior que serve para a súa localización na biblioteca.

59	1ª liña..... CDU
PET	2ª liña..... Apelido do autor
gui	3ª liña..... Título do libro

Este exemplo corresponde a un libro de zooloxía (**59**) titulado *Guía de aves de Europa*, de **Robert Peterson**.

Os libros ordénanse nos andeis pola 1ª liña, e despois por orde alfabética do autor (2ª liña)